



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DA CORUÑA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación de A música nos medios audiovisuais

Curso 2024-25



Índice

1.	Introducción	3
2.	Metodoloxía.....	3
3.	Atención á diversidade.....	4
4.	Temas transversais	5
4.1	Educación en valores.....	5
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación(TIC's).....	6
5.	Actividades culturais e de promoción das	7
6.	Secuenciación do curso.....	7
6.1	Curso: 6º Grao Profesional	7
6.1.1	Obxectivos	7
6.1.2	Contidos	9
6.1.3	Avaliación.....	10
6.1.4	Medidas de recuperación	13
6.1.5	Recursos didácticos	14
7.	Procedementos de avaliación e seguimiento da programación didáctica	15
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	16
9.	ANEXOS.....	17
9.1.	Proba de acceso 6º de grao profesional	17
9.2.	Criterios para a obtención de matrícula de honra	17



1. Introducción

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de Fundamentos de Composición no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

2. Metodoloxía

A finalidade das materias optativas nas ensinanzas de Grao Profesional é permitir ao alumnado participar activamente na configuración do seu currículo académico, así como abrir novas vías que ofrezan outras posibilidades nas ensinanzas de Grao Superior.

Esta materia de A música nos medios audiovisuais está orientada a dotar ao alumnado dos coñecementos esenciais para poder ter una visión crítica do Medio Audiovisual en todas as súas variantes, e no manexo da música como elemento integrador.

Haberá un achegamento teórico e poranxe en práctica os coñecementos adquiridos na elaboración pequenas pezas audiovisuais.



Os resultados que pretendemos acadar nesta materia de A música nos medios audiovisuais serán, principalmente, o coñecemento do sistema sonoro audiovisual, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios nos editores manexados na materia de Novas Tecnoloxías.
- Análise de partituras cinematográficas variadas e progresivamente más complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura audiovisual
- Maior musicalidade nas liñas melódicas
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro do cine.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- Desenvolvemento da capacidade creativa
- Mostra da utilidade do aprendido
- A orientación educativa

3. Atención á diversidade



Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de A música nos medios audiovisuais; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado, poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

No caso do alumnado que non cursou Novas Tecnoloxías, este deberá realizar un esforzopara conseguir manexar os distintos editores alí tratados, como mínimo para realizar os seus traballos, tendo en conta o nivel acadado na devandita materia.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen prexudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algúun membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante os reforzos e titorías.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrollo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamiento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas có fin de conseguir unha plena integración



do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas á aula; temas como a igualdade de oportunidades para ambos sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso có medio ambiente ou, educación para a paz...poderán ser incorporados na aula.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá, é cada día mais patente polo que, o estudo da música nos conservatorios aínda que na maioría dos casos cínguese á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais, o uso das TIC's pódense empregar có fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza – aprendizaxe moi necesario nesta materia de A música nos medios audiovisuais

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia, xa non é unha novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas, unidas á compartición masiva de material audiovisual, facilita o seu uso na aula para a exemplificación con obras que utilizan o mesmo material harmónico básico no cine que o utilizado na aula, así como explorar diferentes posibilidades de harmonización dun mesmo elemento audiovisual, etc.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas como videocámaras, grabadoras, tablets, móviles... permite analizar na aula diferentes harmonizacións cinematográficas así como a súa interpretación, permitindo isto un maior grao de obxectividade e percepción de sí mesmo de cada alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula, no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.

As plataformas de almacenamento como Dropbox e GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos e así



éstes, poderán ser supervisados polo docente. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade, especialmente á hora de recopilar información interesante para a materia que se imparte.

O uso de tódolos materiais relacionados coas TIC's empregadas na aula, deben respetar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Tendo en conta as características da materia de A música nos medios audiovisuais, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como algunha representación no curso dos traballos propios do alumnado e outras posibles actividades relacionadas coa materia.

6. Secuenciación do curso

A ensinanza de A música nos medios audiovisuais no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes en 6º de Grao Profesional:

6.1 Curso: 6º Grao Profesional

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da harmonía cinematográfica e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos. Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de Novas Tecnoloxías. Coa harmonía do medio audiovisual



afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.

- Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal, atonal e do século XX.
- Afondar nos aspectos sonoros e interpretativos da musica na imaxe.
- Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios. Para acadar este obxectivo o alumnado de A música nos medios audiovisuais non se pode limitar a realizar só exercicios escritos, senón que debe de ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.
- Coñecer os distintos mecanismos de asociación sonora coa imaxe.
- Aproximarse ás diferentes estéticas musicais dende o cine mudo ata a actualidade
- Identificar a través da visualización os procedementos estudados da harmonía tonal e modal.
- Identificar a través da análise de obras audiovisuais os acordes, os procedementos mais comúns da harmonía tonal e non tonal e as transformacións temáticas. Neste curso de A Música nos medios audiovisuais levarase a cabo unha aproximación á análise musical de obras, fragmentos de películas ou incluso trailers cinematográficos. Nesta análise trataranse de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da música e, así, axudar á súa interiorización.
- Analizar os diferentes aspectos musicais da historia do cine no século XX e XXI
- Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma visual. Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia do cine entre a forma musical e a visual. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análises e audicións de obras musicais de diferentes fragmentos de películas nos períodos da historia da música no cine.
- Aprender a valorar a calidad da música. O estudo desta materia, sobre todo a través da análise, visión e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerrran, contribuíndo a formar o seu espírito crítico.
- Ter actitude crítica ante a escasa calidad harmónica que poidera presentarse tanto



en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.

- Oir os traballos realizados no editor.

6.1.2 Contidos

Os contidos da materia A Música nos medios audiovisuais son os seguintes:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

(a) O estudo de gravación no cine:

- Periféricos, tipos de conexións e conectividade.
- Teclado midi, tarxeta de son, mesa de mezclas, micrófonos, altofalantes.

(b) Creación do mock-up:

- Manexo do midi e o audio dixital
- Plugins de sonido. A Orquestra Sinfónica Virtual. Os instrumentos VST.

(c) Son e música no audiovisual:

- Tipos de son (diexético e extradiexético).
- Elementos que constitúen a banda sonora.
- Funcións da música no audiovisual (estructural, emocional, expresiva, significativa, narrativa, ambiental).
- Material temático e as súas transformacións. O leitmotiv.

(d) Realización dun ou máis traballos trimestrais para crear unha partitura orixinal seguindo as especificacións propostas polo profesor da materia.

SEGUNDO TRIMESTRE:

(a) A imaxe e o seu análise:

- A imaxe.
- Unidades narrativas audiovisuais.



- Composición: campo, tipos de planos, etc.
- A imaxe en movemento: elipsis e transicións, continuidade.

(b) Compor para a imaxe:

- Sincronización.
- Puntos de vista.
- Continuidade.
- Música e outros elementos sonoros (diálogos, ruidos, etc.).
- Técnicas para poñer música á imaxe.

(c) Realización dun ou máis traballos trimestrais seguindo as indicacións propostas polo profesor da materia.

TERCEIRO TRIMESTRE:

(a) Evolución histórica da música nos medios audiovisuais.

(b) Análise de partituras, audicions e fragmentos audiovisuais seleccionados polo docente dende o cine mudo ate a actual publicidade e videoxogos.

(c) Realización dun ou máis traballos trimestrais seguindo as indicacións propostas polo profesor da materia.

6.1.3 Avaliación

Dado que os criterios de avaliação miden o grao de consecución dos obxectivos, estes repítense aquí, engadindo os criterios de avaliação relacionados:

Criterios de avaliação

Ó inicio das clases realizarase unha proba escrita, como avaliação inicial dos coñecementos adquiridos na súa anterior etapa.

Criterios de avaliação para o 1º, 2º e 3º Trimestre:



1. Coñecer os elementos básicos da harmonía audiovisual e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
2. Identificar os elementos básicos da harmonía audiovisual e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
3. Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudiados da harmonía audiovisual.
4. Realizar exercicios a partir de imaxes dadas.
5. Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos
6. Interiorizar os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía audiovisual.
7. Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudiados na música audiovisual.
8. Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos da música no cine.
9. Identificar a través da análise visual de obras curtas, os procedementos más comúns da música na imaxe e as transformación temáticas.
10. Identificar mediante a análise de obras sinxelas os elementos que forman parteda materia audiovisual relacionados coas obras propostas.
11. Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma visual.
12. Comparar obras musicais dos períodos do cine mudo, sonoro, animación, videoxogos, trailers, demos e publicidade a partir das súas características formais.
13. Aprender a valorar a calidade da música na imaxe.
14. Valorar a calidade dos exercicios propostos. Comentar, a través da análise visual e sonora de obras cinematográficas ou fragmentos representativos dos diversos períodos estudiados a diferente calidade da música.
15. Aportar información sobre as características formais, estructurais e normas de interacción audiovisual que condicionan o uso da linguaxe sonora.
16. Demostrar un nivel básico para poder entender, traducir e interpretar a música no cine e o seu significado.
17. Explicar persoaxes, accións e argumentos para detectala comprensión da imaxe sonora.



Mínimos esixibles

A nota final dependerá de dous factores: os exercicios ou traballos individuais e as probas trimestrais e a final. Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5. Deberanse demostrar un mínimo de destrezas que consisten en:

1. Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios cun número mínimo de erros.
2. Adaptación da música ao contexto audiovisual que corresponda.
3. Valorarase a boa conducción co visual da orquestación e a súa puntuación será de 30%.

A entrega mínima de 3 traballos indicados polo profesor será necesaria para superar o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliação

O inicio das clases realizarase unha proba escrita, como avaliação inicial dos coñecementos tecnolóxicos básicos da nosa era dixital adquiridos na súa etapa actual tanto no colexio, casa ou instituto

Os principais procedementos de avaliação serán:

- Corrección individual trimestral dos exercicios propostos polo profesorado. A valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 70% da nota final.
- Proba ou probas obxectivas trimestrais que poderán ser tanto teóricas como prácticas: a súa valoración na nota do trimestre será dun 30%.

Tendo en conta que a materia é de avaliação continua, a nota do segundo trimestre será a media aritmética das notas obtidas no primeiro e no segundo trimestre (por exemplo: un alumno ten varias notas no primeiro trimestre e ó facer a media é un 7; e logo, no segundo trimestre as notas foron 5, pois lle quedaría no boletín de notas da segunda avaliação un 6). A nota final segue a mesma dinámica, sendo a media das notas obtidas nos tres trimestres.



- O alumnado que **non puido ser avaliado de maneira continua**, poderá facer unha proba escrita a final de curso de toda a materia en cuestión e no seu horario, que consistirá nun exame teórico-práctico, ademáis de entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia (serán proporcionados con 15 días de antelación). Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter como mínimo unha puntuación de 5.

Os puntos dos que constará dita proba final serán os especificados a continuación, e o profesor da materia poderá excluir aqueles que considere que o alumno ten superados ó longo da súa asistencia a clase:

- a) Proba escrita de coñecementos acerca dos temas teóricos que aparecen na programación do curso e que consistirá en dar resposta a unha serie de preguntas propostas polo profesor. Puntuación 5 puntos (sobre 10).
- b) Proba práctica sobre un ou varios dos programas de edición manexadosnas distintas avaliaciós no que se comporá un tema musical asociado a unha imaxe en movemento. Puntuación 5 puntos (sobre 10).

A duración total da proba non excederá as 2 horas de duración. A nota final consistirá na media entre as notas obtidas nos traballos e a nota da proba.

Criterios de cualificación

A nota final dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais (70%) e as probas trimestrais (30%). Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5. A cualificación de cada un dos traballos individuais seguirá as indicacións dadas polo profesor na proposta do trabalho. A cualificación de cada proba escrita aparecerá reflexada e desglosada en diferentes preguntas ou cuestiós.

6.1.4 Medidas de recuperación



As diferentes probas realizadas ó longo dos trimestres, terán cada unha delas a súa correspondente recuperación, sempre avisando con antelación suficiente (nunca inferior a unha semana).

Procedementos de recuperación ordinarios

As diferentes probas realizadas ao longo dos trimestres, terán cada unha delas a súa correspondente recuperación no horario correspondente á materia de A música nos medios audiovisuais; o resto da clase que non teña que realizar esta proba realizará exercicios propostos polo profesorado relacionados cos contidos que están a estudar nese momento. Para a superación destas probas de recuperación a nota mínima será dun 5.

O alumnado que, chegado o fin do terceiro trimestre, non superou algúnhha das probas terá a oportunidade da realización dun exame final coa parte ou partes avaliadas negativamente. A proba realizarase no mes de maio na aula e no horario correspondente á materia a recuperar. A nota final da materia constará: desta proba obxectiva (30%) así como os exercicios ou traballos do curso (70%).

Probas extraordinarias de xuño

A proba extraordinaria de xuño consistirá nunha proba similar á proposta para o alumnado que non puido ser avaliado de manera continua, ademáis de entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia. Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter como mínimo unha puntuación de 5. A proba terá unha duración máxima de 120 minutos. A puntuación das diferentes cuestións plantexadas aparecerán desglosadas na proba escrita.

6.1.5 Recursos didácticos

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema musical do medio audiovisual, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios no PC
- Análise de partituras variadas e progresivamente más complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura musical dunha banda sonora
- Maior musicalidade nas liñas melódicas que pida a imaxe.
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da imaxe correspondente.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espíritu crítico
- Desenvolvemento da capacidade creativa
- Mostra da utilidade do aprendido
- A orientación educativa

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases,

tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da sua evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8. Procedementos para realizar a avaliação interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliação interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e em concreto a de harmonía, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudio, facultades, talento, esforzo, interés no estudio, etc. Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliação e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagólica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliação interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu

estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

9. ANEXOS

9.1. Proba de acceso 6º de grao profesional

Non se contempla

9.2. Criterios para a obtención de matrícula de honra

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra concederase ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de harmonía.



- c) As propostas do departamento elevaránse á Comisión de Coordinación Pedagólica, que levantarán acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.